

Paseo fluvial da ribeira do río Grande de Xubia

O río Grande de Xubia pasa a rentes do núcleo urbano de San Sadurniño, circunstancia que foi aproveitada para a realización dun paseo fluvial de cara a converter as súas ribeiras nun espazo natural para o lecer e o goce dos veciños e veciñas.

A calidade ambiental desta área certificouse coa súa inclusión na Rede Natura 2000, dentro da *Zona de Especial Conservación Xubia-Castro*, que abrangue boa parte do curso do río Grande de Xubia e do seu afluente principal, o Castro, así como da veciña serra granítica do Forgozelo, situada ao sur do Concello.


Porén, todos e todas somos testemuñas de como o progresivo deterioro dos hábitats naturais, o uso indiscriminado dalgunhas especies, e as grandes modificacións que sufriu o noso contorno natural nos últimos tempos repercuten de xeito negativo nos ecosistemas, nas paisaxes, e na calidade de vida do conxunto da cidadanía.



Partindo deste contexto o Concello de San Sadurniño quere mudar a lóxica imperante e centrar o seu desenvolvemento no aproveitamento responsable dos seus recursos e na protección do seu patrimonio.

Para gozar destes recursos habilítuse o Paseo fluvial, que ao longo de máis dun quilómetro de lonxitude percorre as ribeiras do río, onde poder gozar dunha paisaxe natural de calidade. Ademais trátase dun paseo accesible a todas as persoas, e une dous establecementos hostaleiros, situados nos seus extremos.

Asemade, o paseo conta cun panel explicativo sobre a Lenda dos donceis, que aconteceu nas augas do río, e con esculturas de madeira realizadas e doadas polo artista multifacético Carlos García.



Ruta da Natureza

Esta ruta percorre as beiras do río Grande de Xubia no seu paso pola parroquia de San Sadurniño. O seu trazado pasa polos Xardíns e o Pazo da Marquesa, o Arboreto galego, a Horta das froiteiras e o Paseo fluvial

3 km
Percorrido circular

Os Xardíns e o Pazo da Marquesa

OS XARDÍNS: Os Xardíns son parte integrante do Pazo da Marquesa, actual Casa do Concello de San Sadurniño, dende a súa rehabilitación no ano 2014.

O nome deste espazo débese á súa derradeira propietaria nobre: Dona María Natividade de Quindós e Villarreal, Grande de España, Duquesa da Conquista, Marquesa de Palacios, Marquesa de Gracia Real, Vizcondesa de la Frontera, así como Marquesa de San Sadurniño.

O Pazo orixinal contaba cuns coidados xardíns onde os seus propietarios pasaban as horas de lecer. A finais do século XIX, e movidos pola influencia dos xardíns franceses, os marqueses de San Sadurniño, que adoitaban acompañar á realeza española polos xardíns da *Granja de Segovia*, dispoñen o contorno do seu pazo para o seu goce e o dos seus convidados da alta nobreza, entre os que estivo o propio rei Alfonso XIII.

Con algúns elementos decorativos exóticos e cunha variedade botánica moi diferente á propia do lugar, os xardíns eran unha mostra das viaxes que os marqueses fixeran por Europa por mor dos seus cargos políticos e diplomáticos (o marqués foi senador por Segovia, e embaixador na Santa Sé). No 1894 solicitan permiso ao Concello para realizar o peche e a reixa do Pazo e mailos xardíns, se cadra por estar a rentes da estrada a Ortigueira.

Pero a zona de lecer dos marqueses non abranguíu só os xardíns. Tamén abarcaba grandes extensións no val do río Grande de Xubia, que servían para dar paseos, facer bailes e xantares campestres ou mesmo para a caza maior. Isto era o que se denominaba o "Parque dos Marqueses".

Pasada a Ponte da Marquesa, na actual Estrada de Ferreira, o Parque contaba con outros lugares coma o "roble" da condessa, o "rond-point", ou os cuarteis da Raña e dos Pinares, divididos á súa vez en numerosas rúas con nome propio, como Veiga, Roxiña, María Cristina, Helechos, Oso, Selva, Raposo ou Musgo, entre outros.



Na beira do río tamén existía un pequeno embarcadorio, que se usou nos séculos XVII e XVIII para descargar madeira para os marqueses e para os frades dominicos do Convento do Rosario. Este punto era empregado para que a Marquesa puidese navegar en barquiña, grazas ás augas apresadas na ponte Branca.

Nos días de verán a terraza do Pazo, cuberta por un toldo de franxas, constituía, abofé, un fermoso lugar de goce e contemplación dos xardíns. Cisnes, ocas ou parrulos compartían os estanques. As fontes lembraban antigas estadias en Roma, e no fondo situábanse unhas pistas onde a aristocracia entretíñase xogando ao tenis, asistida por nenos do lugar.

O Marqués faleceu en 1923, pero tanto os xardíns coma o parque eran preparados igualmente polos gardeses para que, á chegada da Marquesa, puidese percorrer as súas propiedades montada en coche de cabalos.



Coa morte sen descendencia da Marquesa, no ano 1953, o Pazo e outras propiedades foron herdadas polas monxas da congregación de Cristo Rei, quen converteron o edificio nun colexio. Isto provocou o derrubamento de antigas construcións do Pazo, e a construción dun edificio anexo, de carácter funcional e pouco acorde co Pazo. Namentres os xardíns foron usados como patio escolar.

A principios dos anos 90 o Colexio pechou e pouco a pouco o Pazo foi quedando sen uso. En 2004 o Concello logra a cesión dos xardíns co obxectivo de evitar o seu deterioro e de destinalo ao uso público.

En 2008, mercé a un convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia, procedeuse á recuperación e posta en valor dos xardíns, cun investimento de 173.726 euros. Posteriormente leváronse a cabo outras actuacións, coma a rehabilitación do muro perimetral dos xardíns, ou a pavimentación dos carreiros.

O PAZO DA MARQUESA – CASA DO CONCELLO: O Pazo da Marquesa é un dos edificios de maior valor histórico e artístico de todo o Concello de San Sadurniño. Localízase ao pé da estrada que une Ferrol con Ortigueira e Viveiro e fica moi preto da Igrexa do Rosario e o seu antigo Convento.



O edificio ten unha planta cuadrangular, cun fermoso claustro e unha galería acristalada de principios do século XX, así como unha torre almeada que presenta os escudos dos Andrade e dos Castro de Lemos, antigos propietarios destas terras.

No ano 2010 o Concello conseguiu a cesión da propiedade de todo o Pazo, e procedeu á súa completa rehabilitación, de cara ao converter na actual Casa do Concello, pondo en valor o patrimonio histórico existente, á vez que o seu uso se abría a toda a cidadanía.

espazos verdes de san sadurniño

Horta de conservación de froiteiras autóctonas “Carlos Fornos”, e Apiario didáctico. A Cortiña

A HORTA: A Asociación Galega da Froita Autóctona do Eume (AGFA) vén traballando arreo na recuperación e difusión das variedades froiteiras comarcais, que están en serio perigo de desaparición por mor da entrada doutras variedades foráneas, pero sobre todo polo abandono xeneralizado do agro.

Do mesmo xeito, o Concello de San Sadurniño coincide nestas análises e considera fundamental o traballo a prol do desenvolvemento dos espazos rurais e da recuperación do agro, e nomeadamente das variedades autóctonas, pois son un valioso patrimonio que cómpre preservar e pór en valor.

Por todo isto no ano 2008 o Concello e maia AGFA do Eume asinaron un convenio de colaboración polo cal se poñía a disposición da asociación unha parcela dunha hectárea para desenvolver unha horta na que se plantasen as variedades de froiteiras comarcais, co obxectivo principal da súa preservación.

A parcela sitúase na finca da Cortiña, ao carón do Arboreto Galego e do río Grande de Xubia, e moi preto do Pazo da Marquesa e dos seus xardíns.

A Horta conta con 151 variedades de froiteiras, con dous pés de cada unha. Ademais está previsto ir incorporando outras 30 variedades xa localizadas, así como aquelas que poidan ir aparecendo.

A Horta posúe un pequeno centro de interpretación e información, que se emp-


ga para divulgar e dar formación para espallar o coñecemento e a valoración social destas castes froiteiras. Á parte da Horta de San Sadurniño, a AGFA do Eume dispón doutras fincas, na comarca do Eume, nas que desenvolve proxectos semellantes.

O APIARIO: Por outra banda, dende o ano 2012 o recinto da Horta tamén dispón dun Apiario didáctico, que está xestionado neste momento pola Casa do Mel.

Esta asociación ten como fins o desenvolvemento integral da apicultura, proporcionando información, formación e asesoramento apícola ás abelleiras e aos abelleiros. Ademais fan difusión social sobre as vantaxes da abella como insecto polinizador e sobre a necesidade da defensa do medio ambiente natural. Tamén velan pola calidade dos produtos apícolas e informan ás persoas consumidoras sobre as súas bondades.

O Concello e a Casa do Mel tamén teñen un convenio de colaboración que procura difundir o mundo das abellas e do seu papel fundamental no eido da polinización, amosar as potencialidades do oficio da apicultura, e organizar actividades formativas e visitas guiadas ao propio Apiario.

Pola súa banda, as abellas, parte integrante tamén deste acordo, asumen o traballo de facilitar a propia polinización das froiteiras da Horta e de producir mel e outros produtos apícolas.



Todas estas actuacións foron realizadas grazas á colaboración e ao financiamento da AGFA, AGA, Casa do Mel, Concello de San Sadurniño, Xunta de Galicia, Fundación Biodiversidad, e Deputación provincial.

Arboreto Galego de San Sadurniño



Un Arboreto é un xardín botánico dedicado á protección e cultivo de especies leñosas e fundamentalmente árbores.

O Arboreto de San Sadurniño está nunha finca municipal, situada entre a estrada Ferrol - Ortigueira e o río Xubia. Nas súas proximidades están o Centro de Día e o Pazo da Marquesa, cos seus xardíns, e comparte espazo e proxecto coa Horta de Conservación das froiteiras autóctonas “Carlos Fornos” que xestiona a AGFA do Eume. Este é un Arboreto innovador, que está dedicado á recompilación das 7 formacións arbóreas máis representativas de Galicia. Hai que ter en conta que a nosa terra é un territorio de transición bioclimática, que actúa de fronteira entre a rexión Eurosiberiana e a Mediterránea, e por iso aquí poderemos atopar:

1. A Carballeira: formada por carballos, rebolos ou carballos albar
2. O Souto: dominado polos castiñeiros
3. A Bidueda: bosque mesto de bidueiros, máis propio de zonas altas
4. O Bosque de ribeira (ou Ripisilva): mestura de salgueiros, ameneiros, bidueiros, freixos...
5. O Faial: predominio das faias, moi escasas en Galicia por preferir solos calcarios
6. O Sobreiral: as sobreiras ou cortizas son abondosas no sur e no interior de Galicia
7. A Fraga: a máxima expresión do bosque mixto galego de carballos, castiñeiros, bidueiros, loureiros ou acivros
8. O Campón: trátase dun espazo aberto, onde poder organizar actividades e eventos

Para comunicar cada un destes conxuntos boscosos deseñáronse unha serie de carreiros peonís. Asemade cada grupo e cada especie forestal contan con paneis que conteñen a súa denominación e máis unha descrición con fotografías e mapas.

Os obxectivos fundamentais do proxecto son a preservación e mellora deste espazo natural, a rentes do río Grande de Xubia, incluído na Rede Natura 2000, así como protexer e dar a coñecer a nosa flora autóctona, particularmente nestes momentos de desenvolvemento incontrolado, nos que o noso valioso patrimonio natural se encontra seriamente ameazado.

Por iso, de maneira máis concreta, as funcións deste Arboreto son:

- Función cultural e educativa: permite ver a heteroxeneidade e diversidade do legado patrimonial botánico galego, así como sensibilizar de cara á súa conservación e protección
- Función de protección: posibilita salvagardar e conservar a biodiversidade e o patrimonio vexetal autóctono
- Función documental: serve para difundir entre a persoas visitantes os coñecementos sobre a vexetación autóctona galega
- Función recreativa: achega un novo espazo á cidadanía, abrindo a actividades socioculturais e festivas
- Función de acondicionamento vexetal: permite a reprodución e difusión de especies, trala posterior recolleita de sementes
- Función turística: convértese nun reclamo turístico para aquelas persoas que queiran gozar da beleza da natureza galega, e polo tanto posibilita a creación de emprego e riqueza

Para a realización deste proxecto o Concello de San Sadurniño contou coas axudas económicas de AGADER, a Deputación da Coruña e a Fundación Biodiversidad.



Nomes dos tipos e variedades de froiteiras das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

Cerdeiras	Pereiras	Ameixeiras	Maciñeiras					
Negras de Fene Da Cortiña Branças de Anca Albariñas Ambrosas Tio Pepe de García Oveiras Negras do San Cristobal Feras Senra Guinda Pazo da Marquesa Guindas de Ombre De pico Do rabo curto De viño Molaniñas de Pielas Negra de Eirís Pregas	Peras Primas Mazafesa Manteiga de ouro Urraca verde Manteiga redonda Bergamotas Faeira Do Santiago Bergamotas Redes Urraca roxa Rabuda de cedo Vilasuso de tarde Manteiga de Inverno De zoncho Manteiga de Galicia Pingueta Cabasas Millarengas Negras San Xoán	Amarelas de agosto Manteiga Campá de Xermade Manteiga verde De Collón Xaponés de S. Xoán Percos Migalleiros Pera de inverno(Doroña) Bergamotas Redes Urraca roxa San Antonio “Boghinas” Manteiga do país Urraca lexítima Peruco Silvalonga Colloás Cabazas Urraca rabilonga Campá de inverno Comicabra	Collón de frade negro Collón de frade roxo Claudia de Setembro Cirola verde Xaponés de S. Xoán Claudia de Arillo Claudia país negra Claudia país branca Claudia francesa Pexegueiros Pexego Sartego Pexego Manolita Pexego Fontela Pexego Carlos Pexego Macabeo Pexego Maniños	San Isidro Arraiadas Reineta De Sandía roxa Tres en rama Doces roxas Fatonas Tabardilla roxa Pero Mingán Do Couce amarela De Pebida Tres en cunca tardía De ladrón Formariz Do Santiago De Cera Roxella	Branças Reineta raiada Doces amarelas Morenas Tabardilla-I Tres en cunca Do Couce roxa Reineta de gardar Príncipe Suserra Peros-Suaserra Duraza da Faeira Príncipe (do Río vello) San Xoán roxa Pero de canela San Ramón Grande Plana Estriada Branca cerosa	Príncipe de cedo De Setembro Tabardilla-II Tres en cunca-Naralo Tabardilla branca Repinaldo roxo Sangue de touro De inverno-Suaserra Ollo Mouro Príncipe San Xoán branca Do cura Bismarck Do muiño Repinaldo de cedo De cera de Toutelo Repinaldo Monfero	Tres en cunca-Anca Príncipe grande De Pedra dulce Dulceriñas De inverno-Os Carballás Coiro de sapo De Ferreira de Arriba Pintarella Tabardilla de tarde Camoesa Francesa Viveiras Branca de tarde Branca de setembro Tres en cunca-Maniños Reineta temperá Temperá roxa	Temperá Pero baionés De pedra Do Sr. Marcial Santiaguesa Pero de inverno Pero real Mondoñedas Perazas Castañas Fuciño de lebre



Fotografía: César Galdo / Promejoración; Janini Ferrnandez